

(Pineiro)

Compostela, 21-VI-77

Benquerido Luis:

De volta da aventura luguesa, que rematou sin
sorpresas, atopeime aquí co fermosísimo caderno "Somia de craridades",
no que a colaboración de Seoane, de Cunqueiro e de Montero Díaz fanos,
revivir o ambiente entusiasta e creador dos anos trinta. Realmente, este caderno
é unha fina xoia bibliofílica e, ao mesmo tempo, un espello máxico que
nos fai presente o ambiente xeneroso, entusiasta e cordial dos anos mozos.

Moito che temos que agradecer os amigos a tua inagota-
ble xenerosidade. Cada ano chega ás nosas mans un novo libro, un novo
album ou un novo caderno no que a tua riqueza espiritual se vai concretando
en orixinais creacións artísticas. Admirable cousa é ter o don de crear tesouros
e a xenerosidade de os regalar.

Os grabados son magníficos. Dos dibuxos, eu conoico
"Natureza viva" na versión que apareceu en "Yunque", inda ^{que} esta versión
seméllame máis animada. A carta de Montero Díaz é notablemente aguda.

Graciñas, Luis. Apertan nosas para os dous

Ramón